XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES CABO ORTEGAL CARIÑO

Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881 96 01 01
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

# RESUMOS DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

| | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO:** | 2ºESO | **DEPARTAMENTO:** | Música |
| **MATERIA:** | Música | **PROFESOR/A:** | Cristina López Hevia |

| **1. QUE TEMAS IMOS VER?** *(Distribución aproximada dos contidos)* | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- As cualidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.<br>- Os signos básicos de representación musical: pentagrama, claves, notas, liñas adicionais, liñas divisorias…<br>- Os diferentes tipos de acento: binario, ternario e cuaternario.<br>- A formación de compases atendendo á súa fracción.<br>- As distintas figuras e silencios.<br>- Lectura rítmica e interpretación instrumental.<br>- Audición de fórmulas rítmicas e melódicas sinxelas.<br>- Os elementos constitutivos dunha melodía a nivel formal: frase, semifrase, motivo, sección…<br>- A formación do acorde tríade.<br>- A clasificación dos intervalos.<br>- Os tipos de textura: monódica e polifónica. |
| 2º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- As distintas familias instrumentais: corda, vento, percusión, electrónicos.<br>- Interpretación instrumental.<br>- Diferenciación auditiva dos instrumentos.<br>- Atención na interpretación.<br>- Tipos de voces.<br>- Lectura de fórmulas rítmicas e melódicas sinxelas.<br>- Audición de fórmulas rítmicas e melódicas sinxelas. |

| | |
|---|---|
| | - Interpretación vocal de obras de diferente repertorio musical. |
| 3º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- Os distintos tipos de danzas.<br>- As características principais dos distintos estilos musicais de diferentes culturas e civilizacións.<br>- Contaminación acústica.<br>- Interpretación de danzas de música popular urbana, sempre que a evolución da pandemia permita levar a cabo actividades deste tipo.<br>- Atención e concentración na audición de obras musicais.<br>- Recoñecemento auditivo de obras musicais de diferentes épocas e civilizacións.<br>- Lectura e interpretación de obras de diferentes xéneros e estilos musicais. |

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? *(Desenvolvemento dos contidos))*

Traballaranse os contidos a través de Edixgal e de material fotocopiable (fichas, partituras…) Este material será aportado pola profesora na clase. Os alumnos deberán levar a todas as clases, ademáis do seu ordenador Edixgal, un caderno pentagramado, outro caderno para tomar notas, unha frauta de pico (tesitura soprano) e un estoxo provisto de lapis, goma, sacapuntas e bolígrafo.

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)*

En todas as avaliacións haberá unha proba teórica, outra auditiva e dúas prácticas (lectura rítmica e interpretación): a teórica será a mediados de cada avaliación e a auditiva e as prácticas ao final da mesma. A proba e os traballos teóricos que se propoñan en cada avaliación farán media entre si, ao igual que as probas prácticas. A parte teórica, a auditiva e a práctica tamén farán media entre si, precisando unha nota mínima de 2 en cada unha delas para poder facer media coas demáis partes da materia.

No caso de saír unha nota media con decimais o redondeo para poñer a nota no boletín farase hacia o número enteiro inferior ou superior segundo o primeiro decimal, por exemplo, un 4,6 (e superiores ata o 4,9) no boletín aparecerá reflictido como un 5 e un 4,4 (e inferiores ata o 4,1) no boletín aparecerá reflictido como un 4. No caso de que un alumno tivera un 4,5 de media, por exemplo, o redondeo faríase tamén hacia a nota máis alta, é dicir, levaría un 5 no boletín.

Ademais disto, se no centro se organizan festivais para festexar diferentes datas sinaladas (Nadal, Letras Galegas…) e o alumno participa interpretando algunha obra xa sexa traballada na clase ou pola súa conta, a súa nota media veríase incrementada nun punto. Porén, se o alumno se comprometese a participar e finalmente, sen xustificación algunha, non cumprise con este compromiso, ese punto "extra" perderíao na avaliación seguinte.

Dado que a materia é de contidos progresivos no caso de que un alumno non superase algunha das avaliacións sempre terá a opción de recuperala na seguinte, de xeito que o alumno tería sempre opcións de superar a materia ata a 3ª avaliación, a principios de xuño. O alumno que non superase a materia nesta última avaliación poderá facelo nos últimos días do curso a través de dous exames finais, un teórico e outro práctico. A media resultante de ámbalas dúas probas será a nota final desta fase de recuperación. O sistema de redondeo será o exposto anteriormente.

## 4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

De darse o caso de alumnos coa materia pendente do curso anterior, terán a opción de recuperala a través de traballos propostos para cada avaliación. De non superala a través deste sistema de recuperación poderán facer un exame final no mes de maio. Se están matriculados na materia de música dun curso superior á da materia pendente e a superan, quedará superada tamén a materia pendente de cursos anteriores.

## 5. LIBROS

Nesta asignatura non se utiliza libro de texto.

## 6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase o estudo dos conceptos teóricos traballados na clase durante as semanas previas ao exame teórico. Para a preparación do exame práctico o alumno deberá traballar na casa diariamente as partituras que se van vendo na clase, xa que para adquirir habilidades práctico-musicais non abonda con traballar os días previos ao exame.

| CURSO: | 3ºESO | DEPARTAMENTO: | Música |
|---|---|---|---|
| **MATERIA:** | Música | **PROFESOR/A:** | Cristina López Hevia |

| **1. QUE TEMAS IMOS VER?** *(Distribución aproximada dos contidos)* | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- Elementos que interveñennaconstruciónduna obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.<br>- Diferenzas entre a música en directo e a gravada.<br>- Elementos da comunicación que interveñen nos procesos de audición: emisor, receptor, canal, código e mensaxe.<br>- Principaisagrupaciónsvocais e instrumentaisao longo da historia.<br>- Os distintos tipos de voces: sistemas de clasificación vocal segundo o seu timbre e a súa tesitura.<br>- Tipos de clasificación instrumental: segundo a súa familia, o seu material, o seu timbre...<br>- Lectura de partituras comprendendo os signos propios da grafía musical.<br>- Realización de ditados rítmicos e melódicos.<br>- Práctica instrumental de obras axeitadasao nivel do curso relacionadas ben coa historia da música, coa realidade musical galega ou coa música popular urbana.<br>- A dinámica: indicacións progresivas e non progresivas da intensidade do son.<br>- A agóxica e formas de indicala: o metrónomo e os aires.<br>- Os acordes tríade e cuatríade e as súasinversións.<br>- Compases de subdivisión binaria e ternaria.<br>- Os signos de repetición: os dous puntos, a chamada, a 1º e 2ª vez, o da capo...<br>- Ditados rítmicos e melódicos. |
| 2º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- Interpretación instrumental de diferentes obras. Composición individual ou en grupo de cancións e pezasinstrumentais para distintas agrupacións a partir de diferentes parámetros musicais dados.<br>- As manifestaciónsmusicaismáis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.<br>- Pluralidade e estilos na música actual: características culturais, artísticas e |

| | |
|---|---|
| | formais.<br>- A música noutraslinguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>- Realización de ditados rítmicos e melódicos. |
| 3º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- Tipos de danzas: históricas, folclóricas, de salón, baile moderno...<br>- Dimensións da danza: lúdica, educativa, terapéutica...<br>- Manifestacións básicas do movemento: elevación, xéstica, rotación, posición...<br>- Recoñecemento da danza como medio para enriquecer a percepción visual, espacial e musical e apreciación das súas posibilidades expresivas.<br>- Actitude crítica ante a programación da música nos medios de comunicación.<br>- Interpretación e elaboración de coreografías sinxelas, sempre que a situación da pandemia o permita.<br>- Interpretación instrumental de diferentes obras de distintos estilos. |

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? *(Desenvolvemento dos contidos))*

Traballaranse os contidos a través de Edixgal e de material fotocopiable (fichas, partituras…) Este material será aportado pola profesora na clase. Os alumnos deberán levar a todas as clases, ademáis do seu ordenador Edixgal, un caderno pentagramado, outro caderno para tomar notas, unha frauta de pico (tesitura soprano) e un estoxo provisto de lapis, goma, sacapuntas e bolígrafo.

## 3.QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)*

En todas as avaliacións haberá unha proba teórica, outra auditiva e dúas prácticas (lectura rítmica e interpretación): a teórica será a mediados de cada avaliación e a auditiva e as prácticas ao final da mesma. A proba e os traballos teóricos que se propoñan en cada avaliación farán media entre si, ao igual que as probas prácticas. A parte teórica, a auditiva e a práctica tamén farán media entre si, precisando unha nota mínima de 2 en cada unha delas para poder facer media coas demáis partes da materia.

No caso de saír unha nota media con decimais o redondeo para poñer a nota no boletín farase hacia o número enteiro inferior ou superior segundo o primeiro decimal, por exemplo, un 4,6 (e superiores ata o 4,9) no boletín aparecerá reflictido como un 5 e un 4,4 (e inferiores ata o 4,1) no boletín aparecerá reflictido como un 4. No caso de que un alumno tivera un 4,5 de media, por

exemplo, o redondeo faríase tamén hacia a nota máis alta, é dicir, levaría un 5 no boletín.

Ademais disto, se no centro se organizan festivais para festexar diferentes datas sinaladas (Nadal, Letras Galegas…) e o alumno participa interpretando algunha obra xa sexa traballada na clase ou pola súa conta, a súa nota media veríase incrementada nun punto. Porén, se o alumno se comprometese a participar e finalmente, sen xustificación algunha, non cumprise con este compromiso, ese punto “extra” perderíao na avaliación seguinte.

Dado que a materia é de contidos progresivos no caso de que un alumno non superase algunha das avaliacións sempre terá a opción de recuperala na seguinte, de xeito que o alumno tería sempre opcións de superar a materia ata a 3ª avaliación, a principios de xuño. O alumno que non superase a materia nesta última avaliación poderá facelo nos últimos días do curso a través de dous exames finais, un teórico e outro práctico. A media resultante de ámbalas dúas probas será a nota final desta fase de recuperación. O sistema de redondeo será o exposto anteriormente.

## 4.COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

De darse o caso de alumnos coa materia pendente do curso anterior, terán a opción de recuperala a través de traballos propostos para cada avaliación. De non superala a través deste sistema de recuperación poderán facer un exame final no mes de maio. Se están matriculados na materia de música dun curso superior á da materia pendente e a superan, quedará superada tamén a materia pendente de cursos anteriores.

## 5.LIBROS

Nesta asignatura non se utiliza libro de texto.

## 6.RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase o estudo dos conceptos teóricos traballados na clase durante as semanas previas ao exame teórico. Para a preparación do exame práctico o alumno deberá traballar na casa diariamente as partituras que se van vendo na clase, xa que para adquirir habilidades práctico-musicais non abonda con traballar os días previos ao exame.

| CURSO: | 4ºESO | DEPARTAMENTO: | Música |
|---|---|---|---|
| MATERIA: | Música | PROFESOR/A: | Cristina López Hevia |

| **1.QUE TEMAS IMOS VER?** *(Distribución aproximada dos contidos)* | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- A percepción sonora: produción do son, ruído e silencio.<br>- As cualidades do son: altura, duración, intensidade e timbre.<br>- Signos básicos de representación sonora: pentagrama, claves, notas, liñas e espazosadicionais, liñas divisorias…<br>- Signos de prolongación do son: ligadura, punto e caldeirón.<br>- Valoración da facultade que ten a música para describir e producir sensacións, emocións e outrasreaccións psíquicas.<br>- Valoración e interese polaaprendizaxe do código musical, entendéndoo coma unhalinguaxe de comunicación universal.<br>- Actitude comprensiva cara a atención e concentración necesarios na lectoescritura musical.<br>- Oostinato rítmico.<br>- Tipos de ritmo: libre, rítmico e métrico.<br>- A célula rítmica.<br>- O tempo e o movemento: signos e expresións que modifican a velocidade do pulso nunha obra musical.<br>- Realización de ditados rítmicos.<br>- Participación activa na aula.<br>- Elementos constitutivos dunha melodía: frase, motivo, semifrase, período, sección…<br>- As alteracións: signos, tipos e colocación.<br>- A dinámica: os matices, os seus significados e as súas abreviaturas.<br>- Distancia sonora entre notas consecutivas: o ton e o semitón.<br>- Realización de ditados melódicos.<br>- Recoñecemento de intervalos. |
| 2º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- Consonancia e disonancia. |

| | |
|---|---|
| | - O acorde: formación e inversión de acordes tríade.<br>- Os intervalos: definición e clasificación.<br>- As cadencias: perfecta, plagal, semicadencia e rota.<br>- Concepto e exemplificación da textura.<br>- Tipos de textura: monofónica e polifónica.<br>- Tipos de formas: primaria, binaria e ternaria.<br>- Formas básicas: canon, lied, rondó…<br>- Tipos de instrumentos: folclóricos, orquestrais, escolares…<br>- Clasificación de instrumentos: corda, vento, percusión, electrónicos.<br>- Agrupaciónsinstrumentais: banda de música, banda de gaitas, grupo folk, rondalla, orquestra, orquestra de cámara…<br>- Técnica de produción do son nos diferentes instrumentos.<br>- Interpretación instrumental, individual e grupal, con instrumentos escolares, de partituras sinxelas.<br>- Improvisación rítmica e melódica a través dos instrumentos.<br>- Diferenciación auditiva de diferentes instrumentos.<br>- Interpretación da grafía musical e dos contidos básicos dunha partitura.<br>- Coidado e respeto polos instrumentos e o mobiliario da aula de música.<br>- Valoración do desenvolvemento motor que comporta a aprendizaxedun instrumento.<br>- Atención e concentración na interpretación.<br>- Valoración da interpretación musical como unhaactitude eminentemente colectiva e comunicativa.<br>- O aparello fonador: elementos, funcións e relación cosaparellos respiratorio e resoador.<br>- Tipos de voces: voces de home e voces brancas.<br>- A canción popular: aspectos analíticos e interpretativos de distintas cancións españolas.<br>- Agrupaciónsvocais: dúo, trío, cuarteto, coro de cámara, coro, orfeón…<br>- Técnica vocal: respiración, emisión e resonancia.<br>- Interpretación de pezasvocais a unísono e a dúas voces.<br>- Lectura de partituras sinxelas.<br>- Improvisación rítmica e melódica utilizando a voz.<br>- Utilización da técnica vocal con exercicios de respiración, emisión e |

| | |
|---|---|
| | articulación.<br>- Exerciciosvocais de entoación.<br>- Interese no coidado e bo uso da voz.<br>- Desinhibición no canto e desfrute do mesmo.<br>- Valoración das posibilidades expresivas do canto. |
| 3º TRIMESTRE | Traballaranse os seguintes contidos mínimos:<br>- Tipos de danzas: históricas, folclóricas e de salón.<br>- O esquema corporal: coordinación de movementos.<br>- Elementos constitutivos e expresivos do movemento.<br>- Manifestacións e cualidades básicas de movemento.<br>- Utilización do corpo como acompañamento.<br>- Exercitación de movementos do corpo.<br>- Realización de coreografías propias.<br>- Execución de danzas sobre coreografías dadas.<br>- Valoración do propio corpo como instrumento de comunicación e de expresión persoal.<br>- Aceptación da propia imaxe e das súaslimitacións, descubrindo e valorando as súas capacidades.<br>- Valoración do movemento e da danza como medios expresivos.<br>- Actitude de desinhibición e de desfrute coa danza.<br>- Características xerais da música doutras culturas.<br>- A contaminación sonora.<br>- Audición de obras de distintas épocas e estilos.<br>- Información sobre os medios sonoros.<br>- Valoración do silencio e da concentración como marco imprescindible para oír e facer música.<br>- Actitude atenta e concentrada durante as audiciónsmusicais.<br>- Respeto polos gustos musicaisdoutraspersoas.<br>- Valoración da influenza da música  sobre o comportamento.<br>- Actitude crítica ante as mensaxes implícitas napublicidade e nascancións.<br>- Actitude crítica cara a mediocridade e consumismo, alleo á calidade, que nos invade actualmente na música.<br>- Actitude crítica cara o papel das novas tecnoloxíasnaprodución da música. |

| **2.QUE E COMO IMOS TRABALLAR?** *(Desenvolvemento dos contidos))* |
|---|
| Traballaranse os contidos a través de Edixgal e de material fotocopiable (fichas, partituras…) Este material será aportado pola profesora na clase. Os alumnos deberán levar a todas as clases, ademáis do seu ordenador Edixgal, un caderno pentagramado, outro caderno para tomar notas, unha frauta de pico (tesitura soprano) e un estoxo provisto de lapis, goma, sacapuntas e bolígrafo. |
| **3.QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)?** *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)* |
| En todas as avaliacións haberá unha proba teórica, outra auditiva e dúas prácticas (lectura rítmica e interpretación): a teórica será a mediados de cada avaliación e a auditiva e as prácticas ao final da mesma. A proba e os traballos teóricos que se propoñan en cada avaliación farán media entre si, ao igual que as probas prácticas. A parte teórica, a auditiva e a práctica tamén farán media entre si, precisando unha nota mínima de 2 en cada unha delas para poder facer media coas demáis partes da materia.<br>No caso de saír unha nota media con decimais o redondeo para poñer a nota no boletín farase hacia o número enteiro inferior ou superior segundo o primeiro decimal, por exemplo, un 4,6 (e superiores ata o 4,9) no boletín aparecerá reflictido como un 5 e un 4,4 (e inferiores ata o 4,1) no boletín aparecerá reflictido como un 4. No caso de que un alumno tivera un 4,5 de media, por exemplo, o redondeo faríase tamén hacia a nota máis alta, é dicir, levaría un 5 no boletín.<br>Ademais disto, se no centro se organizan festivais para festexar diferentes datas sinaladas (Nadal, Letras Galegas…) e o alumno participa interpretando algunha obra xa sexa traballada na clase ou pola súa conta, a súa nota media veríase incrementada nun punto. Porén, se o alumno se comprometese a participar e finalmente, sen xustificación algunha, non cumprise con este compromiso, ese punto “extra” perderíao na avaliación seguinte.<br>Dado que a materia é de contidos progresivos no caso de que un alumno non superase algunha das avaliacións sempre terá a opción de recuperala na seguinte, de xeito que o alumno tería sempre opcións de superar a materia ata a 3ª avaliación, a principios de xuño. O alumno que non superase a materia nesta última avaliación poderá facelo nos últimos días do curso a través de dous exames finais, un teórico e outro práctico. A media resultante de ámbalas dúas probas será a nota final desta fase de recuperación. O sistema de redondeo será o exposto anteriormente. |
| **4.COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?** |
| |

De darse o caso de alumnos coa materia pendente do curso anterior, terán a opción de recuperala a través de traballos propostos para cada avaliación. De non superala a través deste sistema de recuperación poderán facer un exame final no mes de maio. Se están matriculados na materia de música dun curso superior á da materia pendente e a superan, quedará superada tamén a materia pendente de cursos anteriores.

## 5.LIBROS

Nesta asignatura non se utiliza libro de texto.

## 6.RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase o estudo dos conceptos teóricos traballados  na clase durante as semanas previas ao exame teórico. Para a preparación do exame práctico o alumno deberá traballar na casa diariamente as partituras que se van vendo na clase, xa que para adquirir habilidades práctico-musicais non abonda con traballar os días previos ao exame.